

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ORDE do 4 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia e se convocan para o ano 2017.

Son moitas as persoas que desfrutan da compañía do seu animal e non tomarían en consideración a posibilidade do seu abandono, porén, a convivencia entre persoas e animais non sempre é un éxito e ás veces fracasa por temas de incompatibilidade, descoñecemento sobre as implicacións prácticas de vivir cun animal e, nalgúns casos, por unhas expectativas equivocadas sobre o comportamento animal.

Se ben aínda estamos lonxe de erradicar este problema, a sociedade está tornando cara a unha maior sensibilización sobre a tenza responsable dun animal doméstico, dando unha resposta positiva ante o abandono como é a adopción dos animais que se atopan nos centros de recollida, poñendo así fin á súa situación.

A pesar dos cambios que xa se están a sentir na sociedade, é necesario facer fronte ao abandono e cómpre continuar coas campañas de sensibilización da sociedade para fomentar o coñecemento do mundo animal que contribúa a unha conduta máis responsable e cívica das persoas no respecto, a defensa e preservación destes animais, así como a súa tenza responsable e a promoción da adopción dos animais abandonados.

A protección e o benestar dos animais domésticos regúlase en Galicia a través da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve. Esta normativa recolle as mínimas atencións que deben recibir os animais, desde o punto de vista hixiénico-sanitario, co fin de garantirles uns mínimos de bo trato, e fixa como principio fundamental de protección o da posesión ou tenza responsable, así como os requisitos que deben cumprir os centros de recollida de animais abandonados na procura do benestar animal. A isto hai que engadirlle que o abandono dos animais orixina graves problemas de benestar animal, sanidade, seguridade pública e viaria e ambiente.

Correspóndelles ás administracións locais a recollida de animais abandonados nos seus respectivos termos municipais, de acordo co establecido na Lei 1/1993, do 13 de abril. Para cumprir con esta encomenda lexislativa, as administracións locais que non dispoñan



dos medidos axeitados para a recollida e tenza de animais abandonados poderán, para a prestación destes servizos, concertar convenios de colaboración ou cooperación con asociacións de protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro ou con entidades autorizadas para tales fins.

As asociacións de protección e defensa dos animais, de acordo co artigo 13 da Lei 1/1993, do 13 de abril, son entidades sen ánimo de lucro que teñen por obxecto fundamental a defensa e protección dos animais no medio en que viven e deben estar inscritas no rexistro creado para tal efecto na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

En virtude do disposto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural posúe, entre outras, as competencias relativas á aplicación de medidas de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro en Galicia.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exigencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e principios de aplicación

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia relativas á atención e ao coidado dos animais de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados, á realización de campañas de concienciación para a tenza responsable e para a adopción de animais abandonados e a adquisición de material non funxible para a xestión e o manexo dos animais aloxados nos centros de recollida autorizados, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2017 (procedemento MT811A).



2. Para os efectos do disposto na epígrafe anterior, entenderase por animais de compañía os pertencentes ás especies canina e felina.

3. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Actuacións subvencionables*

1. Serán actuacións subvencionables ao abeiro desta orde de axudas:

a) Para a atención e o coidado dos animais de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados e relativos:

1º. Aos gastos de manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico para cans e gatos, coa finalidade de acadar un estado nutricional óptimo.

2º. Aos gastos derivados do acto clínico para a esterilización cirúrxica dos animais coa dobre finalidade de evitar a súa reprodución incontrolada e a promoción da súa adopción.

3º. Aos gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal mediante a implantación de microchip dos animais aloxados nos centros de recollida autorizados.

4º. Aos gastos derivados da aplicación das medidas profilácticas necesarias para garantir o bo estado físico e sanitario do animal e a prevención de enfermidades infeccio-contaxiosas, relativos á vacinación preventiva e á desparasitación externa e interna dos animais.

b) Campañas de concienciación e promoción da tenza responsable e para a adopción de animais abandonados, que incluírá a elaboración de material divulgativo, realización de charlas ou talleres, así como o desenvolvemento de campañas en prensa escrita e en medios audiovisuais.

c) Adquisición de equipamento non funxible para a xestión e o manexo dos animais que, en todo caso, estará destinado a dotar dos medios necesarios ao centro de recollida do



que a entidade solicitante é titular. Unicamente serán obxecto de subvención os elementos incluídos no anexo I desta orde.

2. Non será obxecto de subvención o imposto sobre o valor engadido (IVE).

3. En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da acción subvencionable.

Artigo 3. *Ámbito temporal*

As axudas a que se refire esta orde comprenden os gastos subvencionables recollidos no artigo 2 que fosen efectivamente realizados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 10 de novembro de 2017.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas:

a) As corporacións locais que posúan a competencia da recollida e tenza dos animais de compañía abandonados no ámbito territorial correspondente que:

1º. Realicen directamente e con medios propios a recollida e o mantemento de animais abandonados nun centro debidamente autorizado para tal fin e inscrito no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia con anterioridade á data de publicación desta orde;

Ou ben,

2º. O servizo de recollida e mantemento de animais abandonados se faga a través de convenios de colaboración ou cooperación con asociacións inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia ou con entidades ou empresas autorizadas para tales fins. En todo caso, o mantemento dos animais deberá realizarse nun centro de recollida debidamente autorizado para tal fin con anterioridade á data de publicación desta orde.

As corporacións locais poderán ser beneficiarias das axudas para os gastos subvencionables recollidos no artigo 2.a). No suposto de que a corporación local sexa titular dun centro de recollida autorizado e inscrito no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia, con anterioridade á data de publicación



desta orde, tamén poderá ser beneficiaria das axudas para os gastos subvencionables recollidos na letra c) do citado artigo.

b) As asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia da Dirección Xeral de Patrimonio Natural con anterioridade á data de publicación desta orde.

Estas asociacións poderán ser beneficiarias das axudas para os gastos subvencionables recollidos no artigo 2.b). No suposto de que a asociación sexa titular dun centro de recollida autorizado e inscrito no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia con anterioridade á data de publicación desta orde, tamén poderá ser beneficiaria das axudas para os gastos subvencionables recollidos na letra c) do citado artigo.

Artigo 5. *Requisitos exigibles ás entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades que teñan sancións firmes en vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade.

Artigo 6. *Contía da axuda*

1. A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá subvencionar as actuacións recollidas no artigo 2 nas seguintes contías máximas:

a) Gastos de manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido: ata un máximo de 30 €/animal da especie canina e de 15 €/animal da especie felina.

b) Gastos derivados do acto clínico veterinario da esterilización cirúrxica: ata un máximo de 100 €/animal esterilizado da especie canina e de 85 €/animal esterilizado da especie felina.



c) Gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal: ata un máximo de 30 €/animal identificado.

d) Gastos derivados da aplicación de medidas profilácticas: ata un máximo de 30 €/animal tratado.

e) Campañas de concienciación para a tenza responsable e para a adopción de animais abandonados: ata un máximo de 1.500 € por asociación.

f) Adquisición de equipamento non funxible para a xestión e o manexo dos animais aloxados nos centros de recollida: ata un máximo de 4.000 € por centro de recollida.

2. No caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias, poderán axustarse as contías á pro rata entre todas as entidades beneficiarias. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración.

3. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 7. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

3. A solicitude de axuda, segundo o anexo II desta orde (procedemento MT811A), inclúe as seguintes declaracións da entidade solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.



b) Declaración da conta para a transferencia bancaria.

c) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin en ningunha das situacións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Declaración responsable de non ter sancións firmes en vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

f) Para o caso das corporacións locais, declaración responsable do modelo adoptado para o sistema de recollida e mantemento dos animais abandonados nun centro de recollida autorizado. Deben indicar o nome do antedito centro.

Artigo 8. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as entidades deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da entidade dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións informativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio/Secretaría Xeral Técnica; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a sxt.mot@xunta.gal



Artículo 10. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación da solicitude*

1. As entidades deberán achegar coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación complementaria:

a) Acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera medio válido en dereito.

2. Se a entidade presenta a súa solicitude para as axudas recollidas no artigo 2.a) deberá achegar ademais da documentación indicada no punto anterior:

a) As corporacións locais que desenvolvan o servizo de recollida e tenza de animais abandonados por medio de convenios de colaboración ou cooperación ou calquera outra fórmula contractual, deberán acreditar de forma fidedigna a relación existente entre entidades e a súa duración, así como que non existe ningún incumprimento das condicións establecidas entre ambas as partes para a prestación do servizo.

b) En caso de que a corporación local teña delegadas a súas competencias en materia de recollida e tenza de animais abandonados, deberá achegarse a documentación que acredite tal delegación.

c) Certificado da entidade xestora do centro de recollida autorizado, segundo o modelo do anexo III desta orde que, con base no libro de rexistro obrigatorio con que deben contar os centros de recollida, inclúa os seguintes aspectos:

1º. Número de animais da especie canina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde.

2º. Número de animais da especie felina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde.

3º. Relación de animais que tivesen entrada no centro de recollida e foron entregados en adopción, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde, por concello. A relación deberá incluír a seguinte información:

i) Data de entrada no centro de recollida e data en que foi entregado en adopción.

ii) Raza e sexo do animal.



iii) Número de microchip para a súa identificación. Este dato será obrigatorio para todos os animais da especie canina.

d) Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo IV, que preste os seus servizos para o centro de recollida, que deberá incluír os seguintes aspectos:

1º. Relación de animais da especie canina, con indicación da raza, sexo e número de microchip, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde, por concello, aos cales:

i) Se lles practicou unha esterilización cirúrxica.

ii) Se lles implantou o microchip para a a identificación.

iii) Se lles aplicaron medidas profilácticas (vacinacións e/ou desparasitacións). Neste caso, deberá indicarse a medida aplicada.

2º. Relación de animais da especie felina, con indicación da raza, sexo e número de microchip, en caso de dispoñer del, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde, por concello, co mesmo nivel de detalle que na epígrafe anterior.

3. Se a entidade presenta a súa solicitude para as axudas recollidas no artigo 2.b), deberá achegar, ademais da documentación indicada no punto 1 deste artigo, a seguinte:

a) Memoria explicativa e orzamentaria, segundo o anexo V desta orde, das actuacións en que se recollerán de forma concisa e clara os seguintes aspectos: descrición da actuación, finalidade, datas, localidades, lugares e medios empregados, público destinatario (perfil e número estimado de participantes), material divulgativo que se vai empregar (contidos, tipo de material, número de unidades, idioma), custo estimado por concepto para levar acabo cada unha das actuacións descritas na memoria.

b) Breve memoria descritiva, segundo o anexo VI desta orde, das actividades divulgativas que a asociación desenvolveu no período 2012-2016, na cal se recolla cando menos: descrición da actuación, finalidade, datas, localidades e lugares e público destinatario. Xunto coa memoria achegarase a documentación que acredite a realización das actividades descritas na memoria.



4. Se a entidade presenta a súa solicitude para as axudas recollidas no artigo 2.c), deberá achegar, ademais da documentación indicada no punto 1 deste artigo, a seguinte:

a) Memoria descritiva, segundo o anexo VII desta orde, do equipamento non funxible para o manexo de animais, na cal se inclúa, como mínimo, a seguinte información: descrición do equipamento, finalidade, breve xustificación, número de unidades de cada equipamento e orzamentos económicos de cada un dos elementos, con indicación do prezo unitario e importe total.

b) Certificado da entidade xestora, segundo o anexo III desta orde, do centro de recollida autorizado que, con base no libro de rexistro obrigatorio con que deben contar os centros de recollida, inclúa os seguintes aspectos que se indican a continuación. Esta documentación non será preciso ahégala se xa foi incluída na documentación para optar ás axudas para a mantención e o coidado dos animais (artigo 2.a).

1º. Número de animais da especie canina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde.

2º. Número de animais da especie felina que foron recollidos, por concello, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde.

3º. Relación de animais que tivesen entrada no centro de recollida e fosen entregados en adopción, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde, por concello. A relación deberá incluír a seguinte información:

- Data de entrada no centro de recollida e data en que foi entregado en adopción.
- Raza e sexo do animal.
- Número de microchip para a súa identificación. Este dato será obrigatorio para todos os animais da especie canina.

5. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica.



Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

7. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no seu procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirllle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) Consulta do NIF da entidade solicitante.
- b) Consulta do DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- d) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- e) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) A inscrición no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.



g) A inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. Segundo o establecido no artigo 48.j) da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, referente á simplificación do cumprimento das obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social, a obriga de presentar a certificación que acredite o cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, poderá ser substituída pola declaración responsable de estar o día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma no caso das axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnización.

Artigo 12. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imponse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



Artigo 13. Notificación

1. As resolucións expresas de aprobación ou de denegación efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As entidades interesadas só poderán optar polo sistema de notificación electrónica, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.



Artigo 15. Criterios de valoración

1. Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas no artigo 2.a) serán os seguintes:

Nº	Criterio de valoración	Puntos
1	Número de animais recollidos no ámbito territorial da entidade solicitante e admitidos nun centro autorizado no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde.	Ata 20
2	Porcentaxe de animais entregados en adopción do total dos animais considerados abandonados e recollidos no ámbito territorial da entidade solicitante, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e a data de publicación desta orde.	Ata 20
3	Recollida dos animais abandonados mediante acordos ou convenio de colaboración ou cooperación con asociacións inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia.	30
4	Poboación diana sobre a que actúa a entidade solicitante.	Ata 15

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 2. De persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio número 1. Se así e todo continúa a igualdade, dirimirase o empate a favor da entidade solicitante que actúa sobre a maior poboación diana.

2. Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas no artigo 2.b) serán os seguintes:

Nº	Criterio de valoración	Puntos
1	A entidade solicitante xestiona ou é titular dun centro de recollida autorizado	60
2	Actividades de divulgación e difusión desenvoltas pola asociación no período 2012-2016.	Ata 40

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 1. De persistir o empate, atenderase á maior antigüidade na data de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia.

3. Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas no artigo 2.c) serán os seguintes:

Nº	Criterio de valoración	Puntos
1	Número de animais recollidos e admitidos no centro autorizado para o que se solicita a axuda e no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data de publicación desta orde.	Ata 20



Nº	Criterio de valoración	Puntos
2	Porcentaxe de animais entregados en adopción do total dos animais considerados abandonados, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e a data de publicación desta orde.	Ata 20
3	A xestión do centro de recollida de animais abandonados corre a cargo dunha asociación inscrita no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia.	30

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 2. De persistir o empate, atenderase á cualificación no criterio número 1. Se así e todo continúa a igualdade, dirimirase o empate a favor das entidades solicitantes que cumpran co criterio número 3.

Artigo 16. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O Servizo de Conservación da Biodiversidade examinará e revisará a documentación acompañante que se especifica no artigo 10 desta orde.

2. No caso de que fosen detectados erros ou omisións, requirirase a entidade solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se terá por desistido da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda das solicitudes realizaranse mediante a súa publicación na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (http://cmaot.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Animais_domesticos_e_salvaxes/seccion.html), a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderáselle requirir á entidade que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.



4. O Servizo de Conservación da Biodiversidade emitirá informes á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas para que esta continúe coa súa tramitación.

5. Unha vez recibidos os informes do Servizo de Conservación da Biodiversidade, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instrutor, realizará as propostas de resolución das solicitudes realizadas á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto. Non obstante, no caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias, poderán axustarse as contías á pro rata entre todas as entidades beneficiarias. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración.

Artigo 17. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses desde a presentación da solicitude de axuda. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, as entidades poderán entender rexeitada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.



Artigo 18. *Aceptación da axuda concedida*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado pola entidade beneficiaria no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a entidade beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 19. *Compatibilidade*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencional en Galicia.

2. As entidades interesadas terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. A solicitude para ser entidade beneficiaria das axudas incluídas nesta orde levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorran algunha das circunstancias previstas na alínea d) do número 2, do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. *Xustificación dos gastos e investimentos realizados*

1. O pagamento da cantidade adxudicada a cada entidade beneficiaria queda condicionado á xustificación dos gastos.



2. As entidades beneficiarias deberán presentar no prazo máximo que se indique na resolución e na forma indicada no artigo 8 desta orde a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento, segundo o anexo VIII desta orde, que inclúe unha declaración complementaria relativa á obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda da que se trate, de acordo co formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

b) Para xustificar os gastos das axudas reguladas no artigo 2.a):

1º. Memoria descritiva asinada pola persoa representante da entidade beneficiaria da axuda e da entidade prestadora do servizo, no caso de que non sexan coincidentes, que deberá detallar de forma fidedigna unha relación clasificada dos gastos de manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico para cans e gatos e dos gastos derivados dos servizos do persoal facultativo veterinario.

2º. Copias cotexadas das facturas pola compra do alimento ou da prestación do servizo onde se desagreguen os custos de alimentación.

3º. Copias cotexadas das nóminas do persoal facultativo e/ou das facturas emitidas polos servizos veterinarios externos que deriven da esterilización cirúrxica, identificación e/ou aplicación de medidas profilácticas aos animais.

En todos os casos, as facturas deberán vir acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia cotexada da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

c) Para xustificar os gastos das axudas reguladas no artigo 2.b):

1º. Memoria descritiva das actuacións efectivamente realizadas en que se recollerán de forma concisa e clara os aspectos que se detallan a continuación:

i) Descrición da actuación.

ii) Finalidade.

ii) Datas, localidades, lugares e medios empregados.



iv) Público destinatario e asistente, no caso de charlas ou sesións informativas.

v) Material divulgativo distribuído: contidos, tipo de material, número de unidades, idioma. Achegaranse copias ou fotografías, segundo sexa posible, do material distribuído.

vi) Documentación que acredite a súa efectiva execución.

2º. Copia cotexada das facturas emitidas con cargo á entidade beneficiaria, con detalle de cada un dos conceptos. As facturas virán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia cotexada da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

3º. Para xustificar a realización dos investimentos recollidos no artigo 2.c):

a) Memoria descritiva do equipamento non funxible adquirido para o manexo de animais na cal se inclúa, como mínimo, a seguinte información: descrición do equipamento, finalidade, breve xustificación, número de unidades de cada equipamento, fotografías do material obxecto de xustificación.

b) Copia cotexada das facturas emitidas con cargo á entidade beneficiaria. As facturas virán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia cotexada da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

Artigo 22. *Pagamento*

1. O pagamento corresponderase co importe da axuda aprobada. Non obstante, excepcionalmente, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, poderá subvencionarse só unha parte das actuacións aprobadas sempre que se xustifique documentalmente o motivo de non ter realizado o total do gasto, e que a parte executada constituía unha unidade operativa independente.

2. Para o pagamento da axuda será imprescindible que as persoas beneficiarias estean ao día nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De acordo co establecido no artigo 11, o órgano xestor das axudas poderá obter dos organismos competentes as citadas certificacións.



3. O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia na conta bancaria indicada na solicitude.

Artigo 23. *Crédito orzamentario*

1. As axudas concederanse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias 07.03.541B.460.0, 07.03.541B.781.0, 07.03.541B.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, mediante concorrencia competitiva.

2. O importe máximo das axudas que se conceden no antedito exercicio orzamentario ascenderá a 300.000 €, distribuídos do seguinte xeito:

a) Para a atención e coidado dos animais de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados: 200.000 €, co seguinte nivel de detalle:

1º. Gastos derivados da manutención dos animais: 90.000 €.

2º. Gastos derivados do acto clínico veterinario da esterilización cirúrxica: 72.000 €.

3º. Gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal: 14.000 €.

4º. Gastos derivados da aplicación de medidas profilácticas: 24.000 €.

Non obstante, no suposto de que as axudas concedidas, cos límites previstos no artigo 6, non esgoten a cantidade asignada para algún dos conceptos anteriormente citados, poderá destinarse a cantidade remanente a aquel en que a cantidade sexa insuficiente para atender as solicitudes presentadas.

b) Campañas de concienciación para a tenza responsable e para a adopción de animais abandonados: 30.000 €.

c) Adquisición de equipamento non funxible para a xestión e manexo dos animais aloxados nos centros de recollida autorizados: 70.000 €.

3. O importe consignado, así como a aplicación a que se impute, poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para os efectos. En todo caso, a concesión das axudas estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.



4. A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde cando o incremento derive:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24. *Modificación das actividades subvencionadas*

Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince días hábiles de anticipación á súa realización.

Artigo 25. *Control das actividades subvencionadas*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderán solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que fosen obxecto das axudas, consonte o establecido no artigo 30.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 26. *Disposicións xerais*

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



3. As entidades beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos casos e termos previstos no seu artigo 33.

Disposición adicional única. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2017

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio



ANEXO I
Relación de equipamento non funxible para a xestión e manexo dos animais nos centro de recollida de animais abandonados

Denominación	
Material de exploración/hospitalización	
1	Otoscopio
2	Oftalmoscopio
3	Estetoscopio
4	Lector de transpondedor electrónico (microchip)
5	Báscula electrónica
6	Lámpada de exploración/cirurxía
7	Mesa de exploración/cirurxía
8	Peladora eléctrica
9	Portasoros rodable
10	Bomba de infusión de fluídos
Material de laboratorio	
11	Centrífuga de mostras sanguíneas/ourifios
12	Refractómetro clínico
13	Microscopio binocular
14	Ecógrafo
15	Negatoscopio
Material relacionado coa cirurxía/anestesia	
16	Xerador/concentrador de oxíxeno medicinal
17	Equipamento de anestesia inhalatoria
18	Pulsioxímetro
19	Monitor de apnea
20	Capnógrafo
21	Electrobisturí
22	Autoclave/esterilizador eléctrico de material cirúrxico
Outros equipamentos non sanitarios	
23	Hidrolimpadora
24	Caixa de transporte
25	Carro de alimentación
26	Tolva de alimentación e/ou almacenamento de alimento
27	Equipamento de cloración/potabilización de auga
28	Equipamento de videoxilancia para o coidado dos animais
29	Neveira
30	Conxelador




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS EN GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MT811A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL							NIF
TIPO DE VÍA							NÚMERO
NOME DA VÍA		BLOQUE		ANDAR		PORTA	
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Envíananse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN	

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA	
1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:	
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención. <input type="radio"/> Solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:	
ORGANISMO	IMPORTE (€)
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.	
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.	
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	
6. Non ter sancións firmes en vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeidade.	

CVE-DOG: ikfu5zm4-e5e9-xhp3-3cr2-msjp1zqapw51




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ANEXO II
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

7. Só para cubrir no caso de que a entidade solicitante sexa unha corporación local. Que a recollida de animais abandonados no ámbito territorial da corporación se realizará:

- Directamente.
 Mediante acordo ou convenio de colaboración cunha asociación inscrita no Rexistro Xeral de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade, que é a que se relaciona a seguir:

NOME DA ASOCIACIÓN	Nº INSCRIPCIÓN NO REGISTRO DE ASOCIACIÓNS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	Nº REGISTRO DO CENTRO DE RECOLLIDA AUTORIZADO

- A través dunha empresa autorizada para tal fin que é a que se relaciona a seguir:

NOME DA EMPRESA	NIF	Nº REGISTRO DO CENTRO DE RECOLLIDA AUTORIZADO

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Documentación común	PRESENTADO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo da representación por calquera medio válido en dereito.	<input type="checkbox"/>		
Axudas para a atención e coidado de animais de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados (artigo 2.a)			
<input type="checkbox"/> Acreditación da delegación das competencias para a recollida de animais abandonados. Só no caso das corporacións locais.			
<input type="checkbox"/> Copia do documento que acredite a relación entre a corporación local e a entidade que presta o servizo de recollida e tenza de animais abandonados, se é o caso.			
<input type="checkbox"/> Anexo III. Certificado da entidade xestora do centro de recollida autorizado.			
<input type="checkbox"/> Anexo IV. Certificado do persoal facultativo veterinario.			
Axudas para o desenvolvemento de campañas de concienciación (artigo 2.b)			
<input type="checkbox"/> Anexo V. Memoria explicativa e orzamentaria das actuacións obxecto de subvención.			
<input type="checkbox"/> Anexo VI. Memoria descritiva das actividades divulgativas desenvolvidas no período 2012-2016.			
Axudas para a adquisición de equipamento non funxible (artigo 2.c)			
<input type="checkbox"/> Anexo VII. Memoria descritiva do equipamento non funxible.			
<input type="checkbox"/> Anexo III. Certificado da entidade xestora do centro de recollida autorizado. Non será preciso achegar de novo este anexo se xa foi cuberto para optar ás axudas do artigo 2.a)			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se oponan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Facenda de Comunidade Autónoma de Galicia.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Inscripción no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Inscripción no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.	<input type="checkbox"/>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ANEXO II
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.mot@xunta-gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 4 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia e se convocan para o ano 2017.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección Xeral de Patrimonio Natural



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ANEXO III

CERTIFICADO DA ENTIDADE XESTORA RELATIVO AOS DATOS DE ANIMAIS RECOLLIDOS

DATOS DA ENTIDADE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

IDENTIFICACIÓN DO ESTABLECEMENTO DE ANIMAIS ABANDONADOS EN QUE SE REALIZA A RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS			
CÓDIGO REGISTRO DO ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DE ANIMAIS ABANDONADOS RECOLLIDOS ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2017 E A DATA DE PUBLICACIÓN DESTA ORDE			
CONCELLO DE: <input type="text"/>			
<input type="text"/>	NÚMERO ANIMAIS RECOLLIDOS	NÚMERO ANIMAIS RECOLLIDOS POLOS PROPIETARIOS	NÚMERO ANIMAIS ADOPTADOS
ESPECIE CANINA	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESPECIE FELINA	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONCELLO DE: <input type="text"/>			
<input type="text"/>	NÚMERO ANIMAIS RECOLLIDOS	NÚMERO ANIMAIS RECOLLIDOS POLOS PROPIETARIOS	NÚMERO ANIMAIS ADOPTADOS
ESPECIE CANINA	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESPECIE FELINA	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DE ANIMAIS ENTREGADOS EN ADOPCIÓN ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2017 E A DATA DE PUBLICACIÓN DESTA ORDE					
CONCELLO DE: <input type="text"/>					
DATA ENTRADA	DATA ADOPCIÓN	ESPECIE	RAZA	SEXO	Nº MICROCHIP
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ANEXO IV

CERTIFICADO DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO DOS SERVIZOS PRESTADOS

DATOS DO PERSOAL VETERINARIO FACULTATIVO RESPONSABLE						
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
NÚMERO DE COLEXIADO	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO				
ENDERZO	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO				
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN						
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
IDENTIFICACIÓN DO ESTABLECEMENTO DE ANIMAIS ABANDONADOS PARA O QUE SE REALIZARON OS SERVIZOS DETALLADOS						
CÓDIGO REXISTRO DO ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN					
ENDERZO	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO				
DATOS DE ANIMAIS ABANDONADOS RECOLLIDOS ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2017 E A DATA DE PUBLICACIÓN DESTA ORDE						
CONCELLO DE:						
[]						
	NÚMERO ANIMAIS ESTERILIZADOS CIRÚRxicAMENTE	NÚMERO ANIMAIS IDENTIFICADOS	Nº ANIMAIS SOBRE OS QUE SE APLICARON MEDIDAS PROFILÁCTICAS			
ESPECIE CANINA						
ESPECIE FELINA						
DATOS DE ANIMAIS SOBRE OS QUE SE PRESTARON OS SERVIZOS VETERINARIOS, ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2017 E A DATA DE PUBLICACIÓN DESTA ORDE						
CONCELLO DE:						
[]						
DATOS INDIVIDUAIS DOS ANIMAIS				SERVIZOS VETERINARIOS PRESTADOS		
ESPECIE	RAZA	SEXO	Nº MICROCHIP	ESTERILIZACIÓN	IDENTIFICACIÓN	PROFILAXE*



DATOS DE ANIMAIS SOBRE OS QUE SE PRESTARON OS SERVIZOS VETERINARIOS, ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2017 E A DATA DE PUBLICACIÓN DESTA ORDECONCELLO DE:

DATOS INDIVIDUAIS DOS ANIMAIS				SERVIZOS VETERINARIOS PRESTADOS		
ESPECIE	RAZA	SEXO	Nº MICROCHIP	ESTERILIZACIÓN	IDENTIFICACIÓN	PROFILAXE*

SINATURA DO PERSOAL VETERINARIO FACULTATIVO RESPONSABLE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ANEXO V
MEMORIA DE ACTIVIDADES DA CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

FINALIDADE

DATAS	LOCALIDADE	LUGAR EN QUE SE REALIZARÁ A ACTIVIDADE	PERFIL PÚBLICO	NÚMERO ESTIMADO PARTICIPANTES


MATERIAL DIVULGATIVO

CONTIDOS

TIPO MATERIAL	NÚMERO UNIDADES	IDIOMA	CUSTO ESTIMADO POR CONCEPTO (UNIDADE), IVE NON INCLUIDO	CUSTO TOTAL SEN IVE	IVE	CUSTO TOTAL

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ANEXO VI

MEMORIA DAS ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN DESENVOLVIDAS NO PERÍODO 2012-2016
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

FINALIDADE

DATAS	LOCALIDADE	LUGAR EN QUE SE REALIZARÁ A ACTIVIDADE	PERFIL PÚBLICO	NÚMERO ESTIMADO PARTICIPANTES

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

FINALIDADE

DATAS	LOCALIDADE	LUGAR EN QUE SE REALIZARÁ A ACTIVIDADE	PERFIL PÚBLICO	NÚMERO ESTIMADO PARTICIPANTES

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

FINALIDADE

DATAS	LOCALIDADE	LUGAR EN QUE SE REALIZARÁ A ACTIVIDADE	PERFIL PÚBLICO	NÚMERO ESTIMADO PARTICIPANTES

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


CVE-DOG: iktu5zm4-e5e9-xhp3-3cr2-msjp1zqapw51


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ANEXO VII

MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPAMENTO NON FUNXIBLE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DESCRICIÓN DO EQUIPAMENTO

FINALIDADE

BREVE XUSTIFICACIÓN

NÚMERO UNIDADES	PREZO UNIDADE SEN IVE	PREZO TOTAL SEN IVE	IVE	CUSTO TOTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DESCRICIÓN DO EQUIPAMENTO

FINALIDADE

BREVE XUSTIFICACIÓN

NÚMERO UNIDADES	PREZO UNIDADE SEN IVE	PREZO TOTAL SEN IVE	IVE	CUSTO TOTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DESCRICIÓN DO EQUIPAMENTO

FINALIDADE

BREVE XUSTIFICACIÓN

NÚMERO UNIDADES	PREZO UNIDADE SEN IVE	PREZO TOTAL SEN IVE	IVE	CUSTO TOTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ANEXO VIII
XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

--	--

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

--	--	--	--

SOLICITA

O pagamento do importe correspondente á axuda concedida, para o cal presenta a documentación xustificativa que se relaciona a seguir:

1. Declara que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Axudas para a atención e o coidado de animais de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados (artigo 2.a)

- Memoria descritiva asinada pola persoa representante da entidade beneficiaria da axuda e da entidade prestadora do servizo, no caso de que non sexan coincidentes.
- Copias das facturas pola compra do alimento ou da prestación do servizo onde se desagreguen os custos de alimentación.
- Copias das nóminas do persoal facultativo e/ou das facturas emitidas polos servizos veterinarios externos.
- Xustificantes do pagamento: orixinal ou copia de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

Axudas para o desenvolvemento de campañas de concienciación (artigo 2.b)

- Memoria descritiva das actuacións efectivamente realizadas.
- Copia das facturas emitidas.
- Xustificantes do pagamento: orixinal ou copia de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

Axudas para a adquisición de equipamento non funxible (artigo 2.c)

- Memoria descritiva do equipamento non funxible.
- Copia das facturas emitidas.
- Xustificantes do pagamento: orixinal ou copia de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



Dirección Xeral de Patrimonio Natural

